| d<br>e<br>h<br>i<br>n | B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), | B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas | GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. | CCL | | x | x | Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. | Exercicios de lectura e comentario de fragmentos literarios. | 40 % | | 60 % | | | 10% | x | x | | | | x | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | lírica, oratoria e fábula. | características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite. | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| d e h i n | B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. | B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais. | GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | CD CCEC | | x | x | Nomea autores representativos da literatura grega e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | Elaborar fichas para cada autor grego. | 40 % | | 60 % | | | 10% | x | x | | x | | x | | |
| d e g | B5.2. Uso do dicionario. | B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto. | GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. | CCL CD | x | x | x | Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario. | | 10 % | 80 % | | | 10% | 20% | x | x | | | | | | |
| d n | B5.5. Identificación das características formais dos textos. | B5.5. Identificar as características formais dos textos. | GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | CCL | | x | x | Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero de texto. | Tradución e interpretación de textos gregos. | 10 % | | 60 % | | 30% | 10% | x | x | | | | | | |

**LENDA COMPETENCIAS**

| | |
|---|---|
| CCL | Comunicación lingüística. |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. |
| CD | Competencia dixital. |
| CAA | Competencia aprender a aprender. |
| CSC | Competencias sociais e cívicas. |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais. |

**LENDA TRANSVERSAIS**

| | |
|---|---|
| CL | Comprensión lectora. |
| EOE | Expresión oral e escrita. |
| CA | Comunicación audiovisual. |
| TIC | Tecnoloxías da información e da comunicación. |
| EMP | Emprendemento. |
| EC | Educación cívica. |
| PV | Prevención da violencia. |
| EV | Educación e seguridade viaria. |

# METODOLOXÍA

## 5.1 Ensinanza presencial

O profesor terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Favorecerase a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados. Así mesmo promoverase o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria nas linguas clásicas, dado o seu carácter imprescindible na educación superior e a súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

| METODOLOXIA. ACTIVIDADES DIDACTICAS | |
|---|---|
| Actividades de introdución | Serven para introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender. |
| Actividades de desenvolvemento | Son as que permiten coñecer e traballar os novos contidos. |
| Actividades de síntese | Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador. |
| Actividades de reforzo e ampliación | Son as que se programan para os alumnos que non acadaron os coñecementos traballados.<br>Son as que permiten afondar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento. |
| Actividades de autoavaliación e coavaliación | Converten os alumnos en axentes do seu proceso de ensinanza – aprendizaxe. |

## 5.2 Ensino a distancia

❖ *Ferramentas utilizadas no caso de ensino a distancia.*

Tendo en conta a situación sanitaria ao inicio deste curso, cómpre contemplar a posibilidade de que se teña que recurrir ao ensino a distancia nalgún momento . De darse esta situación e seguindo as instrucións da Consellería de Educación, o departamento de latín e grego utilizará como medio metodolóxico e de contacto

principal a **aula virtual do centro**, cuxo manexo se lles explicará ou recordará aos alumnos no mes de setembro, despois da creación dos grupos pertinentes na mesma. Utilizarase esta ferramenta:

- Para o envío de material pedagóxico como vídeos explicativos sobre os diferentes aspectos e temasdesenvolvidos durante as clases, tarefas de comprensión escrita , ficheiros de vídeo e audio...
- Para a realización e corrección das tarefas mandadas.
- Para a comunicación, mediante a mensaxería, entre profesor e alumnos.
- Para a realización de probas, se fose preciso.

Para as videoconferencias, utilizarase a ferramenta **Cisco webex**, para poder manter, na medida do posible, o enfoque comunicativo necesario para a adquisición das competencias asociadas á materia mencionado máis arriba.

❖ *Alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.*

Para garantir o dereito á educación de todo o alumnado, solicitarase aos titores dos grupos que faciliten a relación de alumnos que non teña acceso aos recursos telemáticos necesarios para poder seguir o ensino a distancia. De non poder resolverse o problema, mandaranse as tarefas ao correo corporativo dos titores ou da xefatura de estudos para que se poidan imprimir e achegar aos alumnos segundo os criterios organizativos e sanitarios oportunos. Manterase, cando sexa posible, contacto telefónico cos alumnos afectados ou co seu titor para asegurarse da boa comprensión das tarefas a realizar e para levar a cabo o seguimento das mesmas.

*Mecanismos de seguimento continuo do curso polo alumnado.*

O seguimento continuo do curso polo alumnado realizarase mediante o diario de clase, no que se anotarán as tarefas realizadas polos alumnos, as súas conexións á aula virtual e ás videoconferencias ou outros contactos mediante a aula virtual, o correo corporativo ou vía telefónica. Todas estas informacións transmitiranse aos titores e, de ser o caso, ás autoridades competentes.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Cultura Clásica 3º ESO:

En canto os materiais, non se vai empregar ningún manual concreto, senón que recurriremos a inxente información ao respecto que podemos atopar na internet, con especial mención ao libro de texto Cultura Clásica da editorial Casals que se adapta ó currículo establecido no Decreto 86/2015 e que incorpora as novas tecnoloxías no tratamento dos contidos e da actividades. O formato dixital do libro permite visualizar vídeos históricos relacionados coa cultura grega e romana e inclúe recreacións animadas de espazos emblemáticos da Antiga Atenas e Roma: unha domus romana, termas, a biblioteca de Alexandría, a ágora de Atenas... así como fragmentos de películas, documentais e webs de museos relativos a territorios importantes do mundo antigo.

- Latín

Non empregaremos un manual determinado para a materia de Latín. O departamento proporcionará material elaborado polo profesor procedente de diversas fontes (numerosos manuais como Anaya, Edebé, Santillana, Vicens Vives, Alfonsípolis,...).

Manexarase un amplo repertorio bibliográfico, material videográfico, prensa escrita, material multimedia, mapas e todo canto poida resultar de interese e atractivo cara ós alumnos, do que temos dotación tanto no centro, como no propio departamento, ou ben do que poida adquirirse durante o curso escolar.

Por último farase uso tamén de revistas de Historia Antiga, especialmente a revista Historia de NationalGeographic, que inclúe en cada un dos seus números artigos moi interesantes sobre a historia de Grecia e de Roma, ilustrados con fotografías da calidade que caracteriza a esta revista.

Será fundamental en 2º de Bacharelato o uso obrigatorio e o manexo do dicionario no traballo diario na aula, permitirase o seu uso no exame.

- Grego

O profesor tomará como referencia os libros de Grego da editorial Baía, aínda que poida en calquera momento facer uso doutros manuais que ten o departamento.

En Grego II utilizaremos tamén a Gramática Griega de J. BerenguerAmenós. Para desenvolver os temas de Literatura Grega propostos polo grupo de traballo da materia de Grego para as ABAU, o profesor facilitará fotocopias, páxinas web seleccionadas e utilizará abundante material audiovisual adaptado os textos obrigatorios de cada xénero literario. Para a tradución dos textos propostos na programación e nas probas da ABAU utilizaremos: *Xenofonte. Antoloxía de textos gregos*, Matilde de Cal Cortina, Ed. Bahía.

Para cuestións de mitoloxía manexaremos como obra de referencia:

- *Diccionario de MitologíaGriega y Romana*, P. Grimal. Ed. Paidos.

Para as lecturas obrigatorias en Grego II empregaranse traducións contrastadas da *Ilíada* de Homero, da *poesía lírica grega*, de *EdipoRey*de Sófocles e *As asambleas*de Aristófanes.

# CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

- Na ESO:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, polo que se terá en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondentes.

Cada trimestre realizarase como mínimo unha proba escrita, se ben poden realizarse máis. Tódalas probas escritas estarán puntuadas sobre 10. O valor das probas escritas será:

1ª proba 50%

2ª proba 50%

Para o redondeo da nota terase en conta o traballo diario, a participación e a actitude e o comportamento na clase.

Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas, obterán cualificación de 0 puntos, coas consecuencias que iso supón para o cálculo da nota media trimestral ou final. Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares); en caso de non cumprir este requisito, o alumno será cualificado con 0 puntos nesa proba.

**A nota final:** terase en conta o traballo de todo o ano. Será a nota media das notas das tres avaliacións. Considerarase aprobado un alumno que, chegando a un 4 nalgunha das tres avaliacións (sen ningún redondeo), sume 15 puntos ao final de curso.

**Programa de recuperación:**

Non haberá probas de recuperación propiamente ditas, debido a que, ao levar un sistema de avaliación continua onde a materia incluída nun exame non é eliminada para a seguinte proba, o exame seguinte recuperará o anterior, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno.

Para aqueles alumnos que teñan problemas en asimilar algún concepto ou ben que non poidan seguir o ritmo

normal das clases, poden elaborarse follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos que foran mal asimilados.

Farase tamén un tratamento individualizado de cada caso, a fin de conseguir os obxectivos fixados.

Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba extraordinaria puntuada sobre 10 e aprobarán aqueles alumnos que acaden un 5.

- En 1º BAC

A avaliación da materia de Latín I terá carácter continuo e será formativa e integradora.

Cada trimestre realizarase como mínimo dúas probas escritas, se ben poden realizarse máis. Para os temas de lingua (que constitúen a parte fundamental da materia), posto que progresivamente aumenta a complexidade do estudado, dividirase o exame , se é posible, en dúas probas por avaliación:

- Análise morfosintáctica e tradución de frases ou oracións: 4 puntos.

- Cuestións de morfoloxía e sintaxe nominal, pronominal e verbal: 3 puntos.

- Locucións latinas: 2 puntos.

- Cuestións culturais: 1 punto.

Na proba de tradución de frases que inclúen sempre análise morfolóxica e sintáctica dividirase a nota da seguinte maneira:

- Tradución: 50%

- Análise morfolóxica: 25%

- Análise sintáctica: 25%

Como a avaliación é continua, en cada trimestre entrarán os contidos novos e os explicados anteriormente e ao final do curso académico o alumno deberá demostrar que acadou de forma global os contidos.

Tódalas probas escritas estarán puntuadas sobre 10. No caso de que nunha avaliación se faga máis dunha proba escrita a última sempre ponderará o 60% da nota global da avaliación e as anteriores o 40% restante. Aprobarán a avaliación aqueles alumnos que, unha vez tido en conta o anterior, acaden unha puntuación mínima de 5.

**O redondeo:** xa que a nota numérica debe ser exacta, o redondeo realizarase seguindo os criterios que se expoñen a continuación:

-Asistencia con puntualidade a clase.

- Participación nas clases, demostrada na actitude receptiva á exposición da profesora e compañeiros.

- O traballo diario feito da casa.

O proceso de avaliación continua require a asistencia regular ás clases e as actividades programadas para a

materia. A falta á clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e da propia avaliación continua. No caso de que se dese a circunstancia anterior segundo as directrices recollidas na normativa do centro, o profesor poderá establecer un sistema extraordinario de avaliación se o considerase conveniente consistente nunha proba escrita que se realizaría no mes de xuño.

Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas, obterán cualificación de 0 puntos, coas consecuencias que iso supón para o cálculo da nota media trimestral ou final. Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares); en caso de non cumprir este requisito, o alumno será cualificado con 0 puntos nesa proba.

**A nota final:** a nota da terceira avaliación prevalece sobre as demais dado o carácter de avaliación continua pero terase en conta o traballo de todo o ano.

No caso de que a nota da terceira avaliación sexa inferior a 5, sumaranse as notas das tres avaliacións e considerarase aprobado un alumno que chegando a un 4 na última avaliación (sen ningún redondeo), suma 15 puntos ao final de curso entre as notas das tres avaliacións e entrega un traballo proposto polo profesor.

No caso de que a nota da terceira avaliación sexa inferior a 4, o resultado da nota final será negativo polo que o alumno debe acudir á proba extraordinaria de setembro.

**Programa de recuperación:**

Non haberá probas de recuperación propiamente ditas, debido a que, ao levar un sistema de avaliación continua onde a materia incluída nun exame non é eliminada para a seguinte proba, o exame seguinte recuperará o anterior, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno.

Para aqueles alumnos que teñan problemas en asimilar algún concepto ou ben que non poidan seguir o ritmo normal das clases, poden elaborarse follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos que foran mal asimilados.

Farase tamén un tratamento individualizado de cada caso, a fin de conseguir os obxectivos fixados.

Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba que conteña os mínimos esixibles que aparecen na presente programación. Esta proba será puntuada sobre 10 e aprobarán aqueles alumnos que alcancen un 5.

- En Latín 2º BAC

En cada avaliación haberá polo menos unha proba obxectiva escrita, que incluirá cuestións de carácter teórico-práctico que versarán obrigatoriamente sobre contidos previamente explicados e analizados na clase:

-Tradución dun texto de Fedro ou Eutropio, autores latinos propostos polo grupo de traballo de Latín II para as probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade, ABAU. (ata un 60%).

- Preguntas relacionadas con: (25%)

- ✓ Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou castelá
- ✓ Explicación de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados
- ✓ Comentario etimolóxico de topónimos

-Preguntas de Literatura Latina, exclusivamente dos xéneros e autores propostos polo grupo de traballo para as ABAU. (15%).

Aqueles alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria, realizarán unha proba escrita na convocatoria extraordinaria (a finais de xuño, segundo marca o calendario escolar). Os contidos, obxectivos e criterios de avaliación serán similares aos da terceira avaliación, pero sen rebaixar os niveis mínimos esixibles. A cualificación final da proba extraordinaria virá determinada exclusivamente pola nota da proba escrita que é o único instrumento avaliador.

- En Grego 2º BAC

Realizaranse como mínimo un exame de avaliación por trimestre que incluirán preguntas de todos os contidos. O exame terá unha estrutura similar á proba de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade (ABAU). Constará de:

- Unha tradución dun texto de Xenofonte ou Platón que terá unha puntuación máxima de 6 puntos.

-Análise morfolóxico de palabras do texto proposto para a tradución: 1 punto.

-Análise sintáctico de un fragmento do texto proposto para a tradución: 1 punto.

-Helenismos en galego e castelán: 1 punto.

-Preguntas sobre as lecturas obrigatorias propostas para a materia de Grego II polo grupo de traballo paraas ABAU: 1 punto.

A avaliación será **continua**, baseada fundamentalmente na observación das actividades do alumno/a e nas probas teóricas. Non se prevén segmentacións da materia por períodos de avaliación nin probas específicas de recuperación. O alumno/a que supere unha avaliación tamén terá superadas tódalas anteriores.

Polas condicións propias desta disciplina a cualificación da terceira avaliación constituirá a cualificación global do curso.

Por outra banda, aqueles alumnos/as que por algunha razón xustificada non se puideran presentar a algún exame poderán realizalo dentro dos prazos previstos.

Os alumnos/as que non superen a derradeira avaliación ou ben aqueles que perdan o dereito a avaliación

continua debido ao número de faltas de asistencia sen xustificar terán a opción de presentarse a un exame final en maio que incluirá todos os contidos vistos ao longo do curso e na que deberán obter un 5 como nota mínima, con independencia das notas acadadas nos exames elaborados ó longo do curso.

Aqueles alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria, realizarán unha proba escrita na convocatoria extraordinaria (a finais de xuño, segundo marca o calendario escolar). Os contidos, obxectivos e criterios de avaliación serán similares aos da terceira avaliación, pero sen rebaixar os niveis mínimos esixibles. A cualificación final da proba extraordinaria virá determinada exclusivamente pola nota da proba escrita que é o único instrumento avaliador.

# INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Desenvolverase a avaliación do ensino e os seus compoñentes conforme a estratexias que permitan obter información significativa e continua para formular xuízos e tomar decisións que favorezan a mellora de calidade do ensino.

Para obter información do proceso de ensino empregaranse algunhas das seguintes técnicas:

- **Observación**: directa (proceso de aprendizaxe dos alumnos) e indirecta (análise de contido da programación didáctica).
- **Entrevista**: permitiranos obter información sobre a opinión, actitudes, problemas, motivacións etc. dos alumnos e das súas familias. O seu emprego adecuado esixe sistematización: definición dos seus obxectivos, a delimitación da información que se pensa obter e o rexistro dos datos esenciais que se obtiveron.
- **Cuestionarios**: complementan a información obtida a través da observación sistemática e entrevistas periódicas. Resulta de utilidade a avaliación que realizan os alumnos sobre algún elementos da programación: que iniciativas metodolóxicas foron máis da súa agrado, con que formula de avaliación senten máis cómodos, etc.

Levarase a cabo o seguimento e valoración do traballo do profesor apoiándose nos seguintes ***indicadores de logro***:

1 = Escaso/non logrado.

2 = Básico.

3 = Satisfactorio.

4 = Excelente.

| | INDICADORES DE LOGRO DE PROCESO DE ENSINO | VALORACIÓN (De 1 a 4) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| **Motivación inicial do alumnado** | | | |
| **1** | Proporcionase un plan de traballo ao principio de cada unidade. | | |
| **2** | Formulase situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos…). | | |
| **Motivación ao longo de todo o proceso** | | | |
| **3** | Relacionase aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. | | |
| **4** | Informase sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas. | | |
| **5** | Relacionase os contidos e as actividades cos intereses do alumnado. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 6 | Estimulase a participación activa dos estudantes na clase. | | |
| **Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)** | | | |
| 7 | Programase a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas. | | |
| 8 | Programase a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento. | | |
| 9 | Seleccionase de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes. | | |
| **Actividades na aula** | | | |
| 10 | Programase actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe. | | |
| **Recursos e organización da aula** | | | |
| 11 | Planificanse as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. | | |
| **Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado** | | | |
| 12 | Establecese os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas. | | |
| **Clima da aula** | | | |
| 13 | Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado. | | |
| 14 | Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | |
| **Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe** | | | |
| 15 | Realizase a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| 16 | Favorecese os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |
| | Proporcionase a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | |
| | Propónse novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non se acadaron. | | |
| | Corrixese e explicase de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas. | | |

| | INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE | VALORACIÓN (De 1 a 4) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| 1 | Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | |
| 2 | Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | |
| 3 | Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **4** | Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | |
| **5** | Combínase o traballo individual e en equipo. | | |

A avaliación do proceso de ensino terá un carácter formativo, orientado a facilitar a toma de decisións para introducir as modificacións oportunas que nos permitan a mellora do proceso de maneira continua. Con iso pretendemos unha avaliación que contribúa a garantir a calidade e eficacia do proceso educativo. Todos estes logros e dificultades atopados serán recollidos nas Propostas de Mellora da Programación de xeito que cada curso escolar, a práctica docente aumente o seu nivel de calidade.

# ORGANIZACIÓN DA RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

- Na ESO

No curso 2020-2021temos unha alumna coa materia de Cultura Clásica de 3º da ESO pendente.

| ALUMNADO CA MATERIA PENDENTE |
|---|
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
| O alumnado pode aprobar a materia pendente, entregando un traballo de mitoloxía no mes de decembro. En caso de non facelo, poderá presentarse a dous exames parciais (nos meses de xaneiro e abril) que versarán sobre os deuses grecolatinos. Se a nota da proba é inferior a 5, terá que presentarse á proba extraordinaria de setembro. |
| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN |
| A nota do traballo será puntuada sobre 10. No caso dos exames parciais a nota será a media aritmética das dúas probas. |

- En Bacharelato

No curso 2020-2021 temos dúas alumnas coa materia de Latín Ipendente.

| ALUMNADO CA MATERIA PENDENTE |
|---|
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
| O alumnado poderá aprobar a materia pendente, se aproba o primeiro trimestre de Latín 2º. De non ser o caso, terá que realizar dúas probas nos meses de xaneiro e abril. Se a nota media é inferior a 5, terá que realizar a proba extraordinaria de setembro. |
| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN |
| A nota de decembro será a acadada na proba do 1º trimestre. No caso de ter que realizar as outras dúas probas, a nota será a media aritmética de ámbalas dúas. |

# DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao comezo do curso os alumnos nunha proba escrita ou nunha entrevista oral contestarán unhas cuestións básicas relativas á civilización grecolatina.

## 10.1 Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados

Á hora de formular as medidas colectivas en función dos resultados, debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

-O número de alumnos e alumnas.

- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.

- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.

- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.

- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc..

- Saber as medidas organizativas a adoptar: situación de espazos e xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual.

- Establecer conclusións sobre os recursos que se van empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En colaboración co departamento de Orientación, o profesorado poderá tomar diversas medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.

Intentarase favorecer a integración na aula do alumnado con necesidade específica de apoio educativo facéndolle desenvolver un papel recoñecido polo grupo para mellorar a súa autoestima.

Nos casos de alumnos cunha discapacidade física hai que buscar mecanismos de actuación para cada caso en concreto.

Ao alumnado con altas capacidades intelectuais marcaránselles obxectivos individuais máis amplos cos demais alumnos do grupo, a través de actividades de ampliación, máis complexas, que lles obrigue a realizar o esforzo necesario que lles permita valorar a consecución de resultados.

No grupo de incorporación tardía ao sistema educativo inclúense os alumnos estranxeiros. Os problemas poden vir polas dificultades co idioma. Con eles haberá que realizar as adaptacións necesarias que favorezan a aprendizaxe da materia e, á vez, da lingua. Convén, por exemplo, que estes alumnos traballen con dicionarios das nosas linguas para que non teñan problemas de vocabulario.

Se no grupo houbese, durante o curso, alumnado con necesidade específica de apoio educativo, haberá que traballar con distintos ritmos de aprendizaxe.

A proposta do Departamento de Latín e Grego é a seguinte:

-Contidos para unha aprendizaxe básica común, pero de maior complexidade para algúns.

-Actividades, para diferentes niveis, e oferta de distintos tempos na súa realización, así como actividades de reforzo e de ampliación.

- Ter en conta as preferencias dos alumnos para atender os seus intereses.

-O traballo en equipo non está indicado neste momento de crise sanitaria.

# ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais que se traballarán ao longo do curso serán os seguintes: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

Os alumnos desenvolverán actividades referidas a textos para traballar a comprensión lectora. Será fundamental o emprego de dicionarios de español e galego para buscar os significados das palabras que non coñezan. O fomento da lectura terá como referente o proxecto lector do centro e procurará acadar os seguintes obxectivos:

- ✔A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- ✔A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- ✔Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

Poderanse establecer itinerarios temáticos de lecturas clásicas segundo o catálogo da biblioteca do centro. Para aumentar o catálogo de obras de contido clásico dos que dispón o centro, desde o Departamento de Latín e Grego ofrecerá ao coordinador unha listaxe de obras para a súa compra. Así mesmo participarase nos clubs de lectura e cantas actividades promova o coordinador da biblioteca.

Para promover a mellora da expresión oral e escrita, entre outras actividades, a partir dunha temática de contido clásico que achegue o profesor os alumnos escribirán un conto común entre todos.

No que respecta ás tecnoloxías da información e da comunicación, incidirase na busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas, así como na aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias. Favorecerase a competencia dixital coa elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

Por outra parte, para transmitir información, empregaranse diversos medios de comunicación audiovisual.

A educación cívica e constitucional pódese considerar comentando aqueles elementos e costumes da sociedade romana que se consideran socialmente útiles ou criticando aqueloutros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

Os comentarios sobre a situación e evolución política e social de Roma, así como todo o referido ás etapas da historia de Roma permitiríanos tratar temas derivados da consecución dunha convivencia pacífica, ao tempo que permite reflexionar sobre as formas de goberno. Á mesma convivencia pacífica contribuirán os contidos referidos ó exercito romano.

Deste xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Serven ademais estes contidos para promover a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Os contidos referidos ás obras públicas e urbanismo en Roma permítennos tratar os temas: educación ambiental e educación viaria.

No referente á educación ambiental ó mesmo tempo que se pretende que o alumno recoñeza e identifique no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coa cultura clásica, promóvese o compromiso persoal para a conservación e o respecto de toda pegada do mundo clásico no ambiente natural.

Por último, as materias permitirán afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No momento da elaboración desta programación non hai prevista ningunha actividade extraescolar debido a situación de crise sanitaria provocada polo COVID- 19.

## MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A programación terá un seguimento permanente por parte dos membros do departamento no relativo ao grao de cumprimento, proceso de ensinanza e aprendizaxe e desviación entre resultados obtidos e esperados.

Tamén se irá tomando nota de todas as suxestións que vaian xurdindo co obxectivo de velar polo axuste e calidade da nosa programación a través do seguimento dos seguintes ***indicadores***:

| | INDICADORES DE LOGRO DE SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN | VALORACIÓN (De 1 a 4) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| **1** | Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | |
| **2** | Adecuación da secuenciación e da temporalización das Unidades didácticas / temas / proxectos. | | |
| **3** | O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | |
| **4** | Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | |
| **5** | Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | |
| **6** | Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | |
| **7** | Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | |
| **8** | Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | |
| **9** | Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | |
| **10** | Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | |
| **11** | Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | |
| **12** | Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | |
| **13** | Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | |
| **14** | Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | |
| **15** | Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para 2º de bacharelato]. | | |
| **16** | Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | |
| **17** | Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | |
| **18** | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | |
| **19** | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **20** | Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | |
| **21** | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | |
| **22** | Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | |
| **23** | Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | |
| **24** | Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | |
| **25** | Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | |
| **26** | Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | |
| **27** | Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | |
| **28** | Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | |
| **29** | Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | |
| **30** | Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | |

## PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

A programación didáctica encóntrase a libre disposición de quen queira consultala en Xefatura de Estudios en formato electrónico.

Por outra banda, a información do funcionamento da asignatura é subministrada de forma resumida ao alumnado ao comezo de curso.

En Rianxo , 26 de outubro de 2020

Profesora substituta: Mª Dolores Paz Cores